



OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

Abril 2019

CONCELLO DE A CORUÑA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de A Coruña

| | | Abril 2019 | 1º Cuadr. 2019 |
|----------------------|------------|---------------|----------------|
| VIAXEIROS | Nº | 35.126 | 122.867 |
| | Var. 19/18 | 4,2% | 5,7% |
| PERNOCTACIÓNS | Nº | 74.139 | 246.872 |
| | Var. 19/18 | 7,3% | 5,3% |
| ESTADIA MEDIA | Nº | 2,11 | 2,01 |
| | Var. 19/18 | 3,0% | -0,3% |
| OCUPACIÓN (%) | % | 48,23% | 40,52% |
| | Var. 19/18 | 0,91 | 0,30 |
| ADR (€) | % | 55,3 € | 55,2 € |
| | Var. 19/18 | -3,1% | 1,8% |
| RevPAR (€) | % | 32,1 € | 29,1 € |
| | Var. 19/18 | -6,0% | 1,9% |

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


| | | Abril 2019 | 1º Cuadr. 2019 |
|-------------------------------|------------|---------------|----------------|
| VIAXEIROS NACIONAIS | Nº | 26.897 | 99.890 |
| | Var. 19/18 | -1,4% | 3,0% |
| VIAXEIROS ESTRANXEIROS | Nº | 8.229 | 22.977 |
| | Var. 19/18 | 27,9% | 18,9% |
| PERNOCT. NACIONAIS | Nº | 57.796 | 195.892 |
| | Var. 19/18 | 5,7% | 4,7% |
| PERNOCT. ESTRANXEIROS | Nº | 16.343 | 50.980 |
| | Var. 19/18 | 13,2% | 8,0% |

ABRIL 2019

- No pasado mes de marzo obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de A Coruña. En concreto, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 4,2% e o volume de noites un 7,3% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Este incremento contrasta coa caída rexistrada no pasado ano 2018 e da continuidade á tendencia irregular la demanda neste cuarto mes do ano, motivado en parte polo efecto do calendario coa celebración da Semana Santa. Con todo, neste mes de abril rexístranse máis de 74 mil noites, a segunda cifra máis elevada da década.

- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é parella se ben neste caso as cifras veñen subindo de forma case consecutiva desde o 2014 o que permite rexistrar máis de 34 mil neste cuarto mes do ano, tamén a segunda cifra máis alta da década.
- O 78% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 22% restante é de orixe internacional.
- Neste cuarto mes do ano obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 5,7% como consecuencia esencialmente dunha mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros españois cae un 1,4%.
- O mercado internacional presenta igualmente un comportamento positivo superando nun 27,9% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 13,2% o volume de noites de abril do pasado ano.
- A estadia media hoteleira increméntase por terceiro ano consecutivo –un 3,0% neste mes situándose o valor deste 2019 en 2,1 noites –a cifra máis elevada dos últimos cinco anos e que supera en case catro décimas o valor rexistrado en abril de 2016-.
- Increméntase a demanda nun contexto de crecemento paralelo pero de menor intensidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas sobe un 4,4%-, circunstancia que leva a unha certa mellora do nivel de ocupación -sobe en case un punto porcentual para situarse no 48,2% de media para este mes de abril –a segunda cifra máis elevada da década-.
- As tarifas hoteleiras descenden neste cuarto mes do ano –un 3,1% en particular- situándose en 55,3 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- Este descenso dos prezos provoca que empeoren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro cae un 6,0% situándose en 32,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.


Noites hoteleiras no concello de A Coruña. Mes de abril 2012-19



1º CUADRIMESTRE 2019

- Nos primeiros catro meses deste ano 2019 obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de A Coruña. En concreto, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 5,7% e o volume de noites un 5,3% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Contrasta esta suba coa caída rexistrada no pasado ano 2018 mais da continuidade á tendencia positiva dos dous anos anteriores –no primeiro cuadrimestre de 2016 e 2017-. Con isto o nivel de demanda da cidade de A Coruña ascende a preto de 247 mil noites –a cifra máis elevada da serie histórica aínda que se asemella ao valor rexistrado en 2017-.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é semellante acadando neste caso preto de 123 mil neste período.
- O bo comportamento da demanda neste cuadrimestre vén como consecuencia dos incrementos rexistrados nos catro meses considerados, con subas do 10% en xaneiro, do 4% en febreiro, do 0,5% en marzo –certa estabilidade- e do 7,3% agora en abril.
- O 79% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 21% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento homoxéneo e positivo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 4,7% como consecuencia esencialmente dun incremento da cifra de viaxeiros españois, do 3,0% neste caso.
- O mercado internacional amosa tamén unha dinámica positiva superando nun 18,9% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 8,0% o volume de noites do mesmo período do pasado ano. Isto permite rexistrar un máximo histórico de demanda internacional neste período de catro meses con preto de 51 mil noites.
- A estadía media hoteleira estabilízase neste período, manténdose en dúas noites.
- Incrementábase a demanda nun contexto de crecemento paralelo e de similar intensidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas sobe un 4,3%-, circunstancia que permite mellorar levemente o nivel de ocupación –sobe en 0,3 puntos porcentuais– para deixalo no 40,5%. É a porcentaxe máis elevada dos últimos once anos.
- As tarifas hoteleiras incrementábase levemente neste período de catro meses –un 1,8% en particular- situándose en 55,2 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A leve mellora dos niveis de ocupación acontecida ademais nun contexto de suba dos prezos provoca que neste primeiro cuadrimestre do ano melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 1,9% situándose en 29,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de A Coruña. 1ºcuadrimestre 2012-19



CONCELLO DE FERROL

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ferrol

| | | Abril 2019 | 1º Cuadr. 2019 |
|----------------------|------------|---------------|----------------|
| VIAXEIROS | Nº | 4.173 | 13.977 |
| | Var. 19/18 | 8,5% | -3,2% |
| PERNOCTACIÓNS | Nº | 8.352 | 25.644 |
| | Var. 19/18 | -8,1% | -13,1% |
| ESTADIA MEDIA | Nº | 2,00 | 1,83 |
| | Var. 19/18 | -15,3% | -10,3% |
| OCUPACIÓN (%) | % | 33,22% | 26,68% |
| | Var. 19/18 | -3,28 | -2,99 |

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.

| | | Abril 2019 | 1º Cuadr. 2019 |
|-------------------------------|------------|--------------|----------------|
| VIAXEIROS NACIONAIS | Nº | 3.357 | 11.579 |
| | Var. 19/18 | 19,1% | -5,0% |
| VIAXEIROS ESTRANXEIROS | Nº | 816 | 2.398 |
| | Var. 19/18 | -20,7% | 6,7% |
| PERNOCT. NACIONAIS | Nº | 5.768 | 18.781 |
| | Var. 19/18 | 17,2% | -12,0% |
| PERNOCT. ESTRANXEIROS | Nº | 2.583 | 6.862 |
| | Var. 19/18 | -38,0% | -16,1% |

ABRIL 2019

- No pasado mes de abril obsérvase un comportamento negativo de demanda hoteleira na cidade de Ferrol. En concreto, descende o volume de noites un 8,1% como consecuencia dun empeoramento da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados incrementábase nun 8,5%.
- Descende a demanda por segundo ano consecutivo neste mes de abril na cidade de Ferrol –no pasado ano 2018 caera un 2,6%- situando o volume final por encima das oito mil noites –a cifra máis baixa dos últimos tres anos-.
- O 69% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 31% restante é de orixe internacional. Estas porcentaxes fan referencia ao volume de noites e difiren bastante do observado no caso dos viaxeiros aloxados –dos cales o 80% son españois e o 20% son estranxeiros-. A diferenza vén dada pola estadía media que se sitúa en niveis baixos para o caso do mercado nacional –con 1,7 noites- e elevado para os estranxeiros –con 3,2 noites neste caso-.


- Neste cuarto mes do ano obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional increméntase nun 17% como consecuencia esencialmente dun crecemento parello da cifra de viaxeiros españois, do 19% neste caso.
- O mercado internacional amosa, en cambio, un comportamento negativo con caídas importantes tanto da cifra de viaxeiros estranxeiros –do 21%- coma do volume de noites –do 38% neste caso-. Son descenso de relativa intensidade que afectan a un volume baixo de demanda –son apenas 800 viaxeiros estranxeiros e case 2.600 noites do mercado internacional-.
- A estadía media hoteleira descende neste mes –un 15,3% en particular- situándose en dúas noites. A estadía media varía de forma moi dispar no mes de abril nos últimos anos, pasando por exemplo de 2,4 noites en abril de 2015 a case 1,9 noites en abril de 2017, ou dúas noites agora en 2019.
- O descenso da demanda prodúcese nun contexto de estabilidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas mantense exactamente nos niveis do pasado ano-, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación -cae en algo máis de tres puntos porcentuais para situarse no 33,2% de media para este mes de abril-.

Noites hoteleiras no concello de Ferrol. Mes de abril 2015-19



1º CUADRIMESTRE 2019

- Nos primeiros catro meses deste ano obsérvase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ferrol. En concreto, a cifra de viaxeiros aloxados descende un 3,2% e o volume de noites un 13,1% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Cae a demanda logo de rexistrar un incremento no pasado ano 2018 que á súa vez contraponse aos descenso de anos anteriores. Obsérvase, por tanto, un comportamento irregular da demanda neste período de catro meses na cidade de Ferrol, circunstancia que coloca o nivel deste 2019 en preto de 26 mil noites.
- O 73% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 27% restante é de orixe internacional.
- Neste primeiro cuadrimestre do ano obsérvase un comportamento homoxéneo e negativo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional cae un 12,0% como consecuencia esencialmente dun descenso paralelo da cifra de viaxeiros españois, do 5,0% neste caso.
- O mercado internacional amosa tamén un comportamento negativo cun descenso do 16,1% como consecuencia neste caso dunha caída da estadia media pois a cifra de viaxeiros estranxeiros incrementase nun 6,7% en relación co primeiro cuadrimestre do pasado ano.
- A estadia media hoteleira descende neste período –un 10,3% en particular- situándose en pouco máis de 1,8 noites –a segunda cifra máis baixa dos últimos anos-.
- O descenso da demanda prodúcese nun contexto de certa caída da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas descende un 3,2% neste caso-, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación de tres puntos porcentuais –para situala no 26,7% de media neste cuadrimestre-.

Noites hoteleiras no concello de Ferrol. 1ºcuadrimestre 2015-19

CONCELLO DE LUGO

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Lugo

| | | Abril 2019 | 1º Cuadr. 2019 |
|----------------------|------------|---------------|----------------|
| VIAXEIRO | Nº | 12.399 | 40.083 |
| | Var. 19/18 | 24,6% | -2,7% |
| PERNOCTACIÓN | Nº | 24.479 | 79.656 |
| | Var. 19/18 | 0,7% | -2,3% |
| ESTADIA MEDIA | Nº | 1,97 | 1,99 |
| | Var. 19/18 | -19,2% | 0,4% |
| OCUPACIÓN (%) | % | 48,85% | 42,11% |
| | Var. 19/18 | -0,91 | -0,86 |
| ADR (€) | % | 51,6 € | 45,6 € |
| | Var. 19/18 | 15,1% | 8,0% |
| RevPAR (€) | % | 29,2 € | 22,1 € |
| | Var. 19/18 | 14,8% | 6,3% |

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


| | | Abril 2019 | 1º Cuadr. 2019 |
|----------------------------|------------|---------------|----------------|
| VIAXEIRO NACIONAL | Nº | 9.850 | 35.325 |
| | Var. 19/18 | 17,4% | -7,0% |
| VIAXEIRO ESTRANXERO | Nº | 2.549 | 4.758 |
| | Var. 19/18 | 63,0% | 48,6% |
| PERNOCT. NACIONAL | Nº | 19.994 | 68.334 |
| | Var. 19/18 | -7,9% | -9,5% |
| PERNOCT. ESTRANXERO | Nº | 4.485 | 11.322 |
| | Var. 19/18 | 72,4% | 86,7% |

ABRIL 2019

- No pasado mes de abril obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Lugo. En particular, o volume de noites sobe apenas un 0,7% como consecuencia da combinación de dous factores: forte incremento da cifra de viaxeiros aloxados, do 24,6%, nun contexto de caída da estadía media, do 19,2% neste caso.
- Este leve incremento contrasta coa caída rexistrada no pasado ano 2018 e da continuidade a unha tendencia irregular da demanda hoteleira do mes de abril nos últimos anos en Lugo – consecuencia do efecto do calendario coa celebración da Semana Santa-. Con isto o nivel final de abril deste 2019 fica en máis de 24 mil noites, a segunda cifra máis elevada da década.


- O 82% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 18% restante é de orixe internacional.
- Neste cuarto mes do ano obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional cae un 7,9% como consecuencia esencialmente dun descenso da estadia media pois a cifra de viaxeiros españois aloxados increméntase nun 17,4%.
- O mercado internacional amosa, en cambio, un comportamento positivo, superando nun 72% o nivel de demanda do pasado ano como consecuencia dun forte crecemento da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 63% neste caso. O crecemento é moi destacado en termos porcentuais mais aínda así fai referencia a un volume relativamente baixo de demanda –algo máis de catro mil noites-.
- A estadia media hoteleira descende neste mes –un 19,2% en particular- por vez primeira nos últimos cinco anos. Con isto a cifra final sitúase preto das dúas noites, a máis baixa dos últimos tres anos e case equivalente á rexistrada en abril de 2016.
- Sobe levemente a demanda nun contexto de crecemento parello da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas sobe un 1,9%-, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación -descende en case un punto porcentual para situarse no 48,8% de media para este mes de abril, a segunda cifra máis elevada da década-.
- As tarifas hoteleiras increméntanse de forma notable neste mes –un 15,1% en particular-, para situarse en 51,6 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- Tal circunstancia provoca en esencia que neste mes de abril melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira –a pesar dos datos negativos de ocupación-. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 14,8% para situarse en 29,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Lugo. Mes de abril 2012-19



1º CUADRIMESTRE 2019

- No primeiro cuadrimestre deste ano 2019 obsérvase un comportamento negativo da demanda hoteleira na cidade de Lugo. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados cae un 2,7% e o volume de noites un 2,3% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Con este descenso rómpese dalgunha maneira a tendencia positiva que a cidade de Lugo viña rexistrando nos últimos catro anos, con subas de diversa intensidade que elevaron a preto de 82 mil noites a cifra de abril de 2018. A caída deste ano sitúa o volume final en case 80 mil noites, a segunda cifra máis elevada da década.
- O mal comportamento da demanda vén como consecuencia das caídas rexistradas en xaneiro –do 0,6%- e en marzo –do 11,0%-. En febreiro e abril os establecementos hoteleiros de Lugo conseguiron resultados positivos cunha suba do 3,6% e 0,7% respectivamente.
- O 86% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 14% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional cae un 9,5% como consecuencia esencialmente dun descenso da cifra de viaxeiros españois, do 7,0% neste caso.
- O mercado internacional amosa, en cambio, un incremento moi notable, dobrando case os niveis do pasado ano e situándose en algo máis de once mil noites. O crecemento é moi destacado en termos porcentuais e vén como consecuencia de subas parellas tanto da cifra de viaxeiros estranxeiros como da estadía media.
- A estadía media hoteleira global mantense estable neste período en relación ao pasado ano, quedando en dúas noites de media.
- Descende a demanda nun contexto de certa estabilidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas descende menos do 0,5%-, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación -cae en case un punto porcentual para situarse no 42,1% de media para este primeiro cuadrimestre –a segunda cifra máis elevada da década-.
- As tarifas hoteleiras soben neste primeiro cuadrimestre –un 8,0% en particular-, situándose en 45,6 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- Tal circunstancia provoca en esencia que neste período melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira –un 6,3% en particular-, a pesar dos resultados negativos en termos de demanda e ocupación. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sitúase en 22,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Lugo. 1º cuadrimestre 2012-19

CONCELLO DE OURENSE

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ourense

| | | Abril 2019 | 1º Cuadr. 2019 |
|----------------------|------------|---------------|----------------|
| VIAXEIROS | Nº | 13.605 | 42.949 |
| | Var. 19/18 | 25,0% | 13,8% |
| PERNOCTACIÓNS | Nº | 21.431 | 67.784 |
| | Var. 19/18 | 25,1% | 14,2% |
| ESTADIA MEDIA | Nº | 1,58 | 1,58 |
| | Var. 19/18 | 0,1% | 0,4% |
| OCUPACIÓN (%) | % | 56,22% | 44,93% |
| | Var. 19/18 | 11,62 | 6,27 |
| ADR (€) | % | 55,1 € | 53,0 € |
| | Var. 19/18 | -2,9% | -6,1% |
| RevPAR (€) | % | 37,1 € | 27,9 € |
| | Var. 19/18 | 34,5% | 12,7% |

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


| | | Abril 2019 | 1º Cuadr. 2019 |
|-------------------------------|------------|---------------|----------------|
| VIAXEIROS NACIONAIS | Nº | 12.134 | 37.749 |
| | Var. 19/18 | 30,1% | 12,7% |
| VIAXEIROS ESTRANXEIROS | Nº | 1.471 | 5.200 |
| | Var. 19/18 | -5,5% | 22,3% |
| PERNOCT. NACIONAIS | Nº | 19.169 | 59.416 |
| | Var. 19/18 | 31,4% | 14,7% |
| PERNOCT. ESTRANXEIROS | Nº | 2.262 | 8.368 |
| | Var. 19/18 | -11,2% | 10,6% |

ABRIL 2019

- No pasado mes de abril obsérvase un comportamento positivo dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ourense. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 25,0% e o volume de noites un 25,1% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Sobe a demanda na cidade de Ourense logo de presentar unha caída no pasado ano 2018, dando continuidade desta maneira á tendencia irregular que o sector hoteleira vén rexistrando no mes de abril dos últimos anos –consecuencia do efecto do calendario coa celebración da Semana Santa-. Con isto o nivel final de abril deste ano sitúase por encima das 21 mil noites, a cifra máis elevada da década.


- O 89% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 11% restante é de orixe internacional.
- Neste cuarto mes do ano obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 31,4% como consecuencia esencialmente dun crecemento parello da cifra de viaxeiros españois, do 30,1% neste caso.
- O mercado internacional presenta en cambio un comportamento negativo cun descenso global do 11,2% auspiciado por caídas parellas da cifra de viaxeiros estranxeiros –do 5,5%- e da estadía media deste segmento.
- A estadía media hoteleira global mantense estable neste mes quedando preto de 1,6 noites. Estabilízase logo de alternar flutuacións positivas e negativas nos últimos anos cunha dinámica irregular.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de leve descenso da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas cae un 2,0%-, circunstancia que leva a unha notable mellora do nivel de ocupación –de case doce puntos porcentuais- para situalo no 56,2% neste cuarto mes do ano.
- As tarifas hoteleiras descenden levemente neste cuarto mes do ano –un 2,9% en particular- situándose en 55,1 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- O incremento dos niveis de demanda e ocupación levan neste mes, a pesar do descenso das tarifas hoteleiras, a unha mellora dos niveis de rendibilidade. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 34,5% situándose en 37,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Ourense. Mes de abril 2012-19



1º CUADRIMESTRE 2019

- No primeiro cuadrimestre deste ano 2019 obsérvase un incremento dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ourense. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 13,8% e o volume de noites un 14,2% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Contrasta este crecemento coas caídas rexistradas nos dous últimos anos –do 4,3% no primeiro cuadrimestre de 2017 e do 1,1% en 2018-, elevando a cifra final a case 68 mil noites nos establecementos hoteleiros de Ourense, o dato máis elevado de cando menos esta década.
- O 88% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 12% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 14,7% como consecuencia esencialmente dun crecemento da cifra de viaxeiros españois, do 12,7% neste caso.
- O mercado internacional amosa igualmente unha suba do número de noites neste período –do 10,6% en concreto- provocada por un incremento da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 22,3% neste caso.
- A estadía media hoteleira mantense estable neste período para situarse novamente preto de 1,6 noites. En sentido estrito a estadía media en Ourense apenas variou nos últimos catro anos, manténdose sempre no contorno de 1,6 noites.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de descenso da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas cae un 1,9%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación –de máis de seis puntos porcentuais- para situalo no 44,9% neste período de catro meses.
- As tarifas hoteleiras descenden neste primeiro cuadrimestre –un 6,1% en particular- situándose en 53,0 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- O incremento dos niveis de demanda e ocupación leva a que neste período de catro meses melloren os niveis de rendibilidade hoteleira –a pesar da caída dos prezos-. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 12,7% para situarse en 27,9 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Ourense. 1ºcuadrimestre 2012-19

CONCELLO DE PONTEVEDRA
Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Pontevedra

| | | Abril 2019 | 1º Cuadr. 2019 |
|----------------------|------------|---------------|----------------|
| VIAXEIROS | Nº | 8.437 | 25.465 |
| | Var. 19/18 | -10,1% | -3,5% |
| PERNOCTACIÓNS | Nº | 19.551 | 61.637 |
| | Var. 19/18 | 24,0% | 12,8% |
| ESTADIA MEDIA | Nº | 2,32 | 2,42 |
| | Var. 19/18 | 37,9% | 16,8% |
| OCUPACIÓN (%) | % | 49,78% | 39,33% |
| | Var. 19/18 | 4,71 | 2,01 |

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.

| | | Abril 2019 | 1º Cuadr. 2019 |
|-------------------------------|------------|---------------|----------------|
| VIAXEIROS NACIONAIS | Nº | 3.775 | 17.332 |
| | Var. 19/18 | -31,6% | -4,0% |
| VIAXEIROS ESTRANXEIROS | Nº | 4.662 | 8.134 |
| | Var. 19/18 | 20,4% | -2,4% |
| PERNOCT. NACIONAIS | Nº | 10.201 | 42.324 |
| | Var. 19/18 | -7,5% | 5,9% |
| PERNOCT. ESTRANXEIROS | Nº | 9.350 | 19.313 |
| | Var. 19/18 | 96,9% | 31,3% |


ABRIL 2019

- No pasado mes de abril obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Pontevedra. En concreto, increméntase o volume de noites un 24,0% como consecuencia basicamente dunha notable mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros aloxados cae un 10,1% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Contrasta este incremento coa caída rexistrada en abril de 2018 e dalgunha maneira da continuidade a un comportamento irregular da demanda neste cuarto mes do ano –alternando períodos de crecemento con anos de caídas-. Con isto o volume final de abril deste ano sitúase preto das 20 mil noites –a cifra máis elevada de cando menos os últimos cinco anos-.
- O 52% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 48% restante é de orixe internacional. Estas porcentaxes difiren notablemente do observado nos últimos anos nos que a estrutura da demanda hoteleira en Pontevedra no mes de abril daba un peso igual ou superior ao 70% para o

mercado nacional. En termos de viaxeiros aloxados a diferenza e o contraste é aínda superior pois neste caso a cifra de viaxeiros estranxeiros supera á dos españois, circunstancia que nunca acontecera na cidade.


- Neste cuarto mes do ano obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional cae un 7,5% como consecuencia dun importante descenso da cifra de viaxeiros españois –que cae un 31,6% en comparación co pasado ano-.
- O mercado internacional amosa, en cambio, un comportamento positivo de notable intensidade, dobrando o nivel de demanda do pasado ano –en número de noites- grazas á combinación de dous factores: crecemento da cifra de viaxeiros estranxeiros –do 20%- e mellora da estadia media –do 64% neste caso-.
- A estadia media hoteleira global increméntase notablemente neste mes –un 38% en particular- situándose en pouco máis de 2,3 noites –a cifra máis elevada dos destinos urbanos da comunidade, e tamén a mais elevada dos últimos cinco anos dentro da cidade-. En abril do ano pasado a cifra quedaba en case 1,7 noites. Son, por tanto, seis décimas de diferenza en tan só un ano.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de crecemento parello da oferta dispoñible, pero de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas sobe un 12,2%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación –sobe en preto de cinco puntos porcentuais para situarse no 49,8% de media para este mes de abril-.

Noites hoteleiras no concello de Pontevedra. Mes de abril 2015-19



1º CUADRIMESTRE 2019

- No primeiro cuadrimestre deste ano 2019 obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Pontevedra. En concreto, o volume de noites increméntase nun 12,8% en relación ao mesmo período do pasado ano como consecuencia dunha mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros aloxados descende un 3,5%.
- Son catro anos consecutivos de crecemento da demanda –medida en número de noites- no primeiro cuadrimestre do ano, circunstancia que eleva a cifra de 2019 a preto de 62 mil noites – o dato máis elevado de cando menos os últimos cinco anos-. Nos primeiros catro meses de 2015 o nivel situábase en preto de 34 mil noites.
- O 69% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 31% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado, con subas parellas aínda que de diversa intensidade. O turismo nacional increméntase nun 5,9% como consecuencia dunha mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros españois cae un 4,0%.
- Similar comportamento se observa no caso do mercado internacional se ben neste caso o incremento é de maior intensidade –supera nun 31,3% o nivel do primeiro cuadrimestre de 2018 superando as 19 mil noites-.
- A estadia media hoteleira increméntase por cuarto ano consecutivo –un 17% neste primeiro cuadrimestre- situándose en pouco máis de 2,4 noites –a cifra máis elevada dos destinos urbanos da comunidade, e tamén a mais elevada dos últimos cinco anos dentro da cidade-.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de crecemento parello da oferta dispoñible, pero de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas sobe un 7,3%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación -sobe en dous puntos porcentuais para situarse no 39,3% de media para este período de catro meses-.

Noites hoteleiras no concello de Pontevedra. 1º cuadrimestre 2015-19

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Compostela

| | | Abril 2019 | 1º Cuadr. 2019 |
|----------------------|------------|----------------|----------------|
| VIAXEIROS | Nº | 67.466 | 165.716 |
| | Var. 19/18 | 12,6% | 8,1% |
| PERNOCTACIÓNS | Nº | 126.406 | 319.363 |
| | Var. 19/18 | 19,2% | 12,2% |
| ESTADIA MEDIA | Nº | 1,87 | 1,93 |
| | Var. 19/18 | 5,8% | 3,8% |
| OCUPACIÓN (%) | % | 55,13% | 38,30% |
| | Var. 19/18 | 8,19 | 4,06 |
| ADR (€) | % | 67,5 € | 58,4 € |
| | Var. 19/18 | 6,2% | -0,2% |
| RevPAR (€) | % | 41,2 € | 25,8 € |
| | Var. 19/18 | 26,2% | 13,3% |

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


| | | Abril 2019 | 1º Cuadr. 2019 |
|-------------------------------|------------|---------------|----------------|
| VIAXEIROS NACIONAIS | Nº | 35.399 | 104.151 |
| | Var. 19/18 | 10,2% | 7,7% |
| VIAXEIROS ESTRANXEIROS | Nº | 32.067 | 61.565 |
| | Var. 19/18 | 15,5% | 8,7% |
| PERNOCT. NACIONAIS | Nº | 70.633 | 210.521 |
| | Var. 19/18 | 18,5% | 12,0% |
| PERNOCT. ESTRANXEIROS | Nº | 55.773 | 108.842 |
| | Var. 19/18 | 20,0% | 12,6% |

ABRIL 2019

- No pasado mes de abril obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Santiago de Compostela. En concreto, increméntase a cifra de viaxeiros aloxados –un 12,6%- así como o volume de noites –un 19,2% neste caso- en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Contrasta este resultado positivo coa caída rexistrada no mes de abril do pasado ano 2018, dando continuidade á tendencia irregular da demanda hoteleira nos últimos anos –alternando períodos de crecemento con anos de caídas-. Esta dinámica coloca o nivel final de abril deste ano por encima das 126 mil noites –a cifra máis elevada da serie histórica na capital de Galicia.


- O 56% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 44% restante é de orixe internacional. Estas porcentaxes difiren notablemente do observado nos dous primeiros meses do ano cando o mercado nacional representaba case o 80% do total da demanda hoteleira. Neste sentido a estrutura da demanda en abril fala dun mes de temporada media cun notable peso do mercado internacional.
- Neste cuarto mes do ano obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 18,5% como consecuencia esencialmente dun incremento da cifra de viaxeiros españois, do 10,2% neste caso.
- O mercado internacional presenta tamén un comportamento positivo superando nun 15,5% a cifra de viaxeiros estranxeiros e nun 20,0% o volume de noites de abril de 2018. Esta dinámica coloca o nivel final do turismo internacional en máximos históricos neste cuarto mes do ano.
- A estadía media hoteleira increméntase por terceiro ano consecutivo –un 5,8% neste cuarto mes de 2019-, situándose preto de 1,9 noites –a cifra máis elevada dos últimos seis anos-.
- Increméntase a demanda nun contexto de estabilidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas sobe en realidade un 0,3%-, circunstancia que permite mellorar o nivel de ocupación - crece en máis de oito puntos porcentuais para situarse no 55,1% de media para este mes de abril, a cifra máis elevada da serie histórica-.
- As tarifas hoteleiras soben neste mes de abril –un 6,2% en particular- situándose en 67,5 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- Este incremento, asociado á mellora dos niveis de demanda e ocupación, provoca que melloren paralelamente os niveis de rendibilidade hoteleira en Santiago. Neste sentido o RevPAR hoteleiro increméntase nun 26,2% situándose en 41,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Santiago de Compostela. Mes de abril 2012-19



1º CUADRIMESTRE 2019

- No primeiro cuadrimestre deste ano 2019 obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Santiago de Compostela. En concreto, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 8,1% e o volume de noites un 12,2% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- É o quinto ano consecutivo no que se observa un crecemento da demanda en Compostela no conxunto dos primeiros catro meses do ano. Tal dinámica eleva o nivel deste 2019 a algo máis de 319 mil noites, a cifra máis alta da década –e próxima ao valor rexistrado en 2010 cando se acadaban ás 321 mil noites-.
- O 66% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 34% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento homoxéneo e positivo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 12,0% como consecuencia esencialmente dun incremento da cifra de viaxeiros españois, do 7,7% neste caso.
- O mercado internacional amosa tamén un comportamento positivo superando nun 8,7% a cifra de viaxeiros estranxeiros e nun 12,6% o volume de noites do primeiro cuadrimestre de 2018. Con isto o turismo estranxeiro marca un máximo histórico de demanda na cidade de Compostela no conxunto dos primeiros catro meses do ano.
- A estadía media hoteleira increméntase por terceiro ano consecutivo –un 3,8% neste 2019-, situándose levemente por encima de 1,9 noites –a cifra máis elevada dos últimos cinco anos aínda que próxima á rexistrada en 2015-.
- Increméntase a demanda nun contexto de estabilidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas subiu apenas un 0,1%- circunstancia que permite mellorar o nivel de ocupación -sobe en catro puntos porcentuais para situarse no 38,3% de media para este período, a cifra máis elevada da serie histórica aínda que moi próxima ao valor rexistrado en 2010-.
- As tarifas hoteleiras mantéñense estables neste primeiro cuadrimestre situándose en 58,4 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A mellora dos niveis de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de estabilidade dos prezos. Tal circunstancia leva a que neste primeiro cuadrimestre melloren os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 13,3% situándose en 25,8 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Santiago de Compostela. 1º Cuadrimestre 2012-19

CONCELLO DE VIGO

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Vigo

| | | Abril 2019 | 1º Cuadr. 2019 |
|----------------------|------------|---------------|----------------|
| VIAXEIRO | Nº | 35.288 | 108.631 |
| | Var. 19/18 | 0,6% | -0,1% |
| PERNOCTACIÓN | Nº | 75.466 | 242.124 |
| | Var. 19/18 | 12,8% | 13,9% |
| ESTADIA MEDIA | Nº | 2,14 | 2,23 |
| | Var. 19/18 | 12,1% | 13,9% |
| OCUPACIÓN (%) | % | 53,55% | 43,70% |
| | Var. 19/18 | 6,47 | 6,16 |
| ADR (€) | % | 56,0 € | 54,0 € |
| | Var. 19/18 | 3,2% | 1,7% |
| RevPAR (€) | % | 34,7 € | 28,5 € |
| | Var. 19/18 | 7,0% | 7,8% |

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


| | | Abril 2019 | 1º Cuadr. 2019 |
|----------------------------|------------|---------------|----------------|
| VIAXEIRO NACIONAL | Nº | 25.389 | 81.706 |
| | Var. 19/18 | 1,7% | 0,0% |
| VIAXEIRO ESTRANXERO | Nº | 9.899 | 26.925 |
| | Var. 19/18 | -1,9% | -0,2% |
| PERNOCT. NACIONAL | Nº | 55.629 | 185.397 |
| | Var. 19/18 | 16,7% | 16,7% |
| PERNOCT. ESTRANXERO | Nº | 19.837 | 56.727 |
| | Var. 19/18 | 3,2% | 5,4% |

ABRIL 2019

- No pasado mes de abril obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Vigo. En concreto, increméntase o volume de noites nun 12,8% como consecuencia dunha mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros aloxados apenas sobe un 0,6% en relación ao pasado ano.
- Sobe a demanda logo de rexistrar unha caída puntual en abril do pasado ano mais da continuidade á tendencia positiva que se viña rexistrando de 2014 a 2017 –con subas de diversa intensidade que se achegan ao 50% interanual xustamente en abril de 2017-. Esta dinámica global coloca o nivel final deste ano en máis de 75 mil noites –o dato máis elevado da serie histórica na cidade olívica no mes de abril-.

- O 74% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 26% restante é de orixe internacional.
- Neste cuarto mes do ano obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe de forma importante, un 16,7% en número de noites, como consecuencia da mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros españois apenas sobe un 1,7%.
- O mercado internacional presenta tamén un comportamento positivo superando nun 3,2% o volume de noites do pasado ano grazas tamén á mellora da estadia pois a cifra de viaxeiros estranxeiros cae un 1,9%. Con preto de 20 mil noites o turismo estranxeiro marca neste mes de abril a cifra máis elevada da serie histórica.
- A estadia media hoteleira incrementase de forma importante neste mes –un 12,1% en particular- para situarse por vez primeira nesta década por encima das dúas noites –en particular, a estadia media sitúase en 2,14 noites, a cifra máis elevada desde o 2010-.
- Incrementase a demanda nun contexto de caída da oferta dispoñible pero de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas descende un 1,4%-, circunstancia que permite mellorar o nivel de ocupación –sobe en máis de seis puntos porcentuais para situarse no 53,5% de media para este mes de abril, a cifra máis elevada da serie histórica-. Nunca antes a cifra de ocupación do mes de abril se situara por encima do 50% de media.
- As tarifas hoteleiras soben levemente neste cuarto mes do ano –un 3,2% en particular-, situándose en 56,0 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A mellora dos niveis de demanda e ocupación acontecida ademais nun contexto de suave incremento dos prezos provoca que neste mes de abril melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 7,0% situándose en 34,7 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Vigo. Mes de abril 2012-19



1º CUADRIMESTRE 2019

- Nos primeiros catro meses deste ano 2019 obsérvase un crecemento dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Vigo. En concreto, o volume de noites sobe un 13,9% como consecuencia da mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense estable, en cifras semellantes ás do pasado ano.
- É o quinto ano consecutivo no que se rexistra unha mellora dos niveis de demanda hoteleira en Vigo nos primeiros catro meses do ano. Esta dinámica coloca a cifra deste 2019 en máis de 242 mil noites, dato que supón un máximo histórico na cidade.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é diferente, rompéndose neste 2019 a tendencia positiva dos catro anos anteriores mais deixando a cifra final preto dos 109 mil viaxeiros.
- O 77% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 23% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 16,7% como consecuencia da mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros españois mantense estable nos niveis do pasado ano.
- O mercado internacional presenta tamén un comportamento positivo neste período, superando nun 5,4% o volume de noites de 2018 grazas tamén á mellora da estadia media nun contexto no que a cifra de viaxeiros estranxeiros se estabiliza igualmente.
- A estadia media hoteleira sobe de forma notable neste cuadrimestre –un 13,9% en particular- para situarse por vez primeira na serie histórica por encima de 2,2 noites de media.
- Incrementase a demanda nun contexto de caída da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas descende un 2,2%-. Ambas circunstancias permiten mellorar o nivel de ocupación - sobe en algo máis de seis puntos porcentuais para situarse no 43,7% de media para este período, dato que supón tamén un máximo histórico para a cidade-.
- As tarifas hoteleiras soben levemente neste primeiro cuadrimestre do ano –un 1,7% en particular-, situándose en 54,0 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A mellora dos niveis de ocupación acontecida ademais nun contexto de leve incremento dos prezos provoca que neste período melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 7,8% situándose en 28,5 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Vigo. 1º Cuadrimestre 2012-19